

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO EN
DATA 5 DE FEBREIRO DE 2009.-**

Presidente:

Sr. Alcalde-Presidente
D. Iván Puentes Rivera.

Asistentes:

D. Antón Lois Noceda Carballo.
D^a M^a del Carmen Silvar Canosa.
D^a Amalia García Balado.
D. Manuel Ángel Rodríguez Carballeira.
D. José Antonio López Rodríguez.
D. Juan Manuel Lourido González,
D^a Rita María Couto Seijido
(incorporase á sesión no momento
que se expresa na presente acta).
D. Manuel Polo Gundín.
D^a Inés Roca Requeijo.
D. Manuel Vicente Pico Sanmartín
D. Edgar Antonio Vigo López
D. Gumersindo Pedro Galego Feal.
D^a Rocío Aurora Bértoa Puente.
D. Juan José Franco Casal.
D^a M^a del Pilar Fornos Corral
D. Manuel Sánchez Martínez.

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), sendo as dezaioito horas e cinco minutos do día cinco de febreiro de dous mil nove, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de celebrar sesión ordinaria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Iván Puentes Rivera, e coa asistencia dos/as Sres/as Concelleiros/as Don Antón Lois Noceda Carballo, D^a M^a del Carmen Silvar Canosa, D^a Amalia García Balado, Don Manuel Ángel Rodríguez Carballeira, Don José Antonio López Rodríguez, Don Juan Manuel Lourido González, D^a Rita María Couto Seijido (quen se incorpora á sesión no momento que se expresa na presente acta), Don Manuel Polo Gundín, D^a Inés Roca Requeijo, Don Manuel Vicente Pico Sanmartín, Don Edgar Antonio Vigo López, Don Gumersindo Pedro Galego Feal, D^a Rocío Aurora Bértoa Puente, Don Juan José Franco Casal, Dona M^a del Pilar Fornos Corral e Don Manuel Sánchez Martínez.

Asiste á sesión D^a Milagros López Álvarez, Interventora accidental, e actúa como Secretaria D^a Pilar María Pastor Novo, Secretaria xeral do Concello, que da fe do acto.

Interventora accidental:

D^a Milagros López Álvarez.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se da o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión, pasándose ao estudio e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

Secretaria:

D^a Pilar María Pastor Novo.

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS CELEBRADAS EN DATAS 27 DE NOVIEMBRE E 23 DE DICIEMBRE DE 2008.

De conformidade co preceptuado no artigo 91 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo Sr. Alcalde-Presidente pregúntase se existe algunha obxección ou

observación ás actas das sesións celebradas en data 27 de novembro e 23 de decembro de 2008, previamente remitidas coa convocatoria, e non formulándose ningunha, polo Sr. Alcalde-Presidente sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobadas por unanimidade dos presentes.

Á vista o resultado da votación, decláranse aprobadas as actas das sesións celebradas en datas 27 de novembro e 23 de decembro de 2008.

(Sendo as dezaoto horas e seis minutos incorporase á sesión a Sra. Concelleira Rita María Couto Seijido)

2º.- APROBACIÓN PROVISIONAL MODIFICACIÓN APARTADO 2 DO ARTIGO 5 DO REGULAMENTO DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR PARA PERSOAS EN SITUACIÓN DE DEPENDENCIA VALORADA.

Seguidamente, dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Dinamización Social, benestar e igualdade adoptado en sesión ordinaria celebrada en data 29 de xanerio de 2009 que transcrito di:

“...Seguidamente, e antes de entrar no punto de rogos e preguntas, intervén a Sra. Presidenta e manifesta que desexa someter á consideración da Comisión Informativa, por razóns de urxencia, o asunto relativo á modificación do apartado 2 do artigo 5 do Regulamento do servizo de axuda no fogar para persoas en situación de dependencia valorada, ao obxecto de poder tratar o asunto no vindeiro pleno ordinario.

A continuación pola Presidenta sométese a votación ordinaria a urxencia, sendo aprobada por unanimidade dos/as Sres/as Concelleiros/as asistentes á sesión.

Deseguido dase conta da proposta da Sra. Alcaldesa accidental de data 29 de xaneiro de 2009 que, transcrita di:

“PROPOSTA

Resultando que o Pleno da Corporación en sesión ordinaria celebrada en data 2 de outubro de 2008 acordou aprobar provisionalmente o Regulamento do servizo de axuda no fogar para persoas en situación de dependencia valorada e expoñer o mesmo á información pública e audiencia ás persoas interesadas por prazo de trita días.

Resultando que no Boletín Oficial da Provincia núm. 240 de data 17 de outubro de 2008 publicouse anuncio de exposición ao público do devandito regulamento aprobado proviosnalmente.

Resultando que no Boletín Oficial da Provincia núm. 284 de data de 11 de decembro de 2008 publicouse o texto íntegro de dito regulamento, ao terse elevado a definitivo por non se presentar reclamacións ou suxestións no trámite de información pública.

Visto o escrito remitido pola Vicepresencia de Igualdade e do Benestar, Secretaría Xeral que tivo entrada no rexistro xeral do concello en data 19 de decembro de 2008 (núm. rexistro 14825) no que, en relación á solicitude de autorización de inicio de actividades do programa de axuda no fogar deste concello require, entre outra documentación, a remisión do regulamento modificado en relación á intensidade de atención a persoas dependentes, sinalado que a aplicación horaria será flexible e

conforme co plan de coidados, de maneira que se garanta a cobertura das necesidades de atención para a realización das actividades da vida diaria, ademais dos días laborais as fins de semana e festivos.

PROPÓNSELLE AO PLENO DA CORPORACIÓN A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a modificación do apartado 2 do artigo 5 do Regulamento do servizo de axuda no fogar para persoas en situación de dependencia, que queda redactado nos seguintes termos:

“5.2.- A aplicación horaria será flexible e conforme co plan de coidados, de maneira que se garanta a cobertura das necesidades de atención para a realización das actividades da vida diaria, ademais dos días laborais, as fins de semana e festivos.”

Segundo.- Expoñer a modificación do regulamento á información pública e audiencia ás persoas interesadas por prazo de trinta días para que poidan presentarse reclamacións e suxestións que, de producirse, deberán ser resoltas polo Pleno da Corporación. De non producirse reclamacións ou suxestións durante o devandito prazo a modificación do regulamento considerárase definitivamente aprobada.

Fene, 29 de xaneiro de 2009.
A ALCALDESA ACCIDENTAL
Asdo: Rita María Couto Seijido.”

Non producíndose intervencións, e sometido o asunto a votación ordinaria, a Comisión Informativa de Dinamización Social, Benestar e Igualdade acorda por unanimidade dos/as Sres/as Concelleiros/as asistentes á sesión ditaminar favorablemente a proposta da Alcaldía de data 29 de xaneiro de 2009, que devén en ditame nos termos anteriormente transcritos.”

Non producíndose intervencións, polo Sr. Alcalde-Presidente sométese á votación ordinaria o ditame da Comisión Informativa de Dinamización Social, Benestar e Igualdade de data de 29 de xaneiro de 2009, sendo aprobado por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobado o ditame da Comisión Informativa de Dinamización Social, Benestar e Igualdade de data de 29 de xaneiro de 2009, que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

3º.- RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 89/2009 DE DATA 30 DE XANEIRO DE 2009.

Seguidamente, polo Sr. Alcalde Presidente dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Desenvolvemento Territorial de data 3 de febreiro de 2009 que transcrito di:

“ Vista a proposta da Alcaldesa accidental de data 30 de xaneiro de 2009, que transcrita di:

“PROPOSTA

Vista a Resolución da Alcaldía núm. 89/2009, de data 30 de xaneiro de 2009, que transcrita di:

“ RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 89/2009

Vista a Circular da Deputación Provincial sobre aprobación das bases reguladoras do Plan Especial de Parques Infantís 2009.

Visto o proxecto para a adecuación al Decreto 245/2003 de 24 de abril e instalación de área de xogo do Concello de Fene, redactado polo enxeñeiro técnico industrial, Don Juan Fonseca Morillo, de data xaneiro de 2009, con rexistro de entrada no Concello do día da data (núm. 1106).

Visto o informe do arquitecto técnico municipal, Don Evaristo Núñez García, de data 30 de novembro de 2009 que, transcrito di:

“Asto.:**INFORME SOBRE “PROXECTO PARA LA ADECUACION AL DECRETO 245/2003 DE 24 DE ABRIL E INSTALACION DE 7 AREAS DE JUEGO DEL CONCELLO DE FENE”**

Consultor: ISFOVE / Autor: JUAN FONSECA MORILO, Enxeñeiro Técnico Industrial/ Importe: 88.379,50 €/ Xaneiro de 2009.

En relación co proxecto da referencia, Evaristo Núñez García, Arquitecto Técnico municipal **INFORMA:**

1.- O obxecto do proxecto que se informa, tal e como se recolle no punto 1 da Memoria, *consiste na evaluación de sete das áreas de xogo infantís do Concello de Fene, para a sua posterior adecuación ao Decreto regulador 245/2003, de 24 de abril, polo que se establecen as normas de seguridade dos parques infantís.*

As áreas de xogo son as seguintes:

- * Colexio público A Xunqueira
- * Colexio público O Ramo
- * Escola pública de Souto Grande
- * Escola pública Curros Enríquez
- * Colexio público Os Casais
- * Escola pública O Pedrón
- * Escola pública de Sillobre

As obras poden resumirse nas seguintes:

- * Subministros.
- * Eliminación de elementos
- * Preparación para a instalación de novos equipos
- * Instalación de equipos.

2.- O Proxecto cumpre formalmente cos contidos documentais básicos requeridos no Art. 124 do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas e no Regulamento Xeral da L.C.A.P. en canto a memoria xustificativa, planos, prego de condicións, presuposto, etc.

Tense realizado unha inspección dos parque, para informe técnico previo e Recomendacións e valoracións seguintes:

- * Mantemento programado e periódico, para rexistro das incidencias e actuacións
- * Inspección/Certificación anual obrigatoria

3.- En relación coa Memoria Económica, indicar que importe total presupostado para o conxunto das actuacións se estima en 88.379,50€, no que se inclúen 13% Beneficio Industrial (BI) e, 6% de Gastos xerais (GX) e 16% de IVA.

O capítulo de Subministros, debería estar desafectado das porcentaxes de GG e BI.

4.- A titularidade das instalación e municipal, polo que a actuación non requirirá autorizacións supramunicipais ao non invadirse competencias e dominio público alleo ao Concello.

En Fene, a 30 de xaneiro de 2009.”

Vista a Nota informativa de Secretaría 10/2009, de data 30 de xaneiro de 2009 que, transcrita di:

”NOTA INFORMATIVA DE SECRETARÍA

10/2009

Téndose presentado nesta Secretaría no día da data proposta da Sra. Alcaldesa accidental reactiva á participación no Plan especial de parques infantís 2009 da Deputación provincial da Coruña, por esta Secretaría, en uso das atribucións conferidas polo artigo 177 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, fánse as seguintes consideracións:

CUESTIÓN PREVIA: CONDICIONAMENTOS.

Con carácter previo ao que logo se dirá déixase constancia do escaso tempo hábil con que contou a que subscribe para o exame da documentación remitida (xa que a documentación se entrega no día de hoxe e na proposta da Alcaldía propónse a adopción do acordo nesta mesma data), o que impide facer unhas consideracións máis axeitadas, polo que as consideracións que seguen poderán ser ulteriormente ampliadas e/ou matizadas unha vez analizada a documentación con máis detemento.

En todo caso, pola que subscribe reitérase o solicitado en anteriores ocasións verbo de que os expedientes e a súa documentación se entregue en esta Secretaría con tempo hábil suficiente ao obxecto de poder exercer axeitadamente as funcións de asesoramento legal e exame de expedientes atribuídas pola normativa vixente.

Coas limitacións anteriormente citadas, cómpre sinalar o seguinte en relación coa documentación examinada:

1.- O proxecto que se examina figura redactado por Don Juan Fonseca Morillo, enxeñeiro técnico industrial, sen que teña constancia esta Secretaría da existencia de contrato de servizos entre este Concello e o citado Sr. Fonseca Morillo para a elaboración de dito proxecto.

En relación a este extremo, esta Secretaría remítese ao sinalado en anteriores informes e notas informativas polo que, polos motivos expostos nos/as mesmas, ao non poder ser considerados os servizos de redacción de proxectos como contratos menores, sempre que se atopara debidamente xustificada a necesidade da contratación (mediante informe do servizo correspondente- artigo 73.2 do Regulamento Xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas), o contrato para a elaboración do proxecto débese adxudicar, a xuízo da que subscribe, a través dos procedementos e formas de adxudicación establecidos na Lei 30/2002, de 30 de outubro, de Contratos do Sector público (LCSP), dacordo cos principios de publicidade libre concorrência, igualdade e transparencia e a través dos procedementos regulados na citada lei, polo que se informa que o feito de contratar verbalmente o servizo de elaboración do proxecto técnico citado infrinxe a legalidade.

2.- A xuízo da que subscribe, á vista do resume por capítulos do presuposto do proxecto presentado, a prestación debe considerarse como un suministro, polo que non se axusta á normativa vixente a inclusión dentro do presuposto do proxecto do 13 % de beneficio industrial e do 6% de gastos xerais.

3.- Na proposta que se remite a esta Secretaría sinalase que se propón a adopción pola Alcaldía do acordo que no mesmo se contén.

En relación á competencia para a adopción do acordo proposto, a xuízo da que subscribe, correspóndelle ao Pleno da Corporación, xa que o acordo refírese á participación no Plan especial de parques infantís 2009, e no seu apartado segundo recóllese á aprobación do proxecto técnico do investimento, á vista do disposto na base 5.1 das reguladoras do Plan (que require certificación de acordo plenario municipal de participación no mesmo) e no artigo 22. da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local,. Polo tanto, entende esta Secretaría que a Alcaldía non ten atribuída a competencia para a adopción do acordo de participación no plan nin para a aprobación do proxecto, tal e como se propón, polo que se formula a oportuna advertencia.

4.- O apartado quinto da proposta refírese a “ *Declarar que o Concello de Fene non solicitou nin obtivo ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento*”. En relación a este extremo, entende a que subscribe, deberíase incorporar ao expediente, con carácter previo á súa resolución informe dos servizos de intervención verbo do mesmo.

Non se estudian os restantes aspectos do expediente nin o contido do proxecto por falta de tempo hábil para elo.

É o que expoño nesta nota informativa que ocupa dúas (2) planas. A presente nota é o resultado da análise dos documentos examinados e non abrangue aspectos que, pola súa natureza e polo escaso tempo hábil con que contou a que subscribe para o exame da documentación, requiren dun exame máis coidado do expediente, polo que

as consideracións feitas poderán ser ulteriormente ampliadas e/ou matizadas nun informe emitido dacordo co que dispón a normativa de aplicación.

Fene, 30 de xaneiro de 2009.

A SECRETARIA

Asdo: Pilar María Pastor Novo.”

Considerando, non obstante o sinalado por Secretaría, urxente a adopción do acordo verbo da participación no devandito Plan, toda vez que o prazo para a presentación de solicitudes remata máña, día 31 de xaneiro de 2009.

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Participar no Plan Especial de parques infantís 2009, cuxas bases se coñecen a aceptan na súa totalidade, polo que se solicita a realización do investimento que se indica deseguido:

DENOMINACION	IMPORTE TOTAL EUROS	ACHEGA DEPUTACI ON	ACHEGA CONCELL O
Proyecto para la adecuación al Decreto 245/2003, de 24 de abril e instalación de 7 área de juego del Concello de Fene.	88.379,50	60.000	18.379,50

SEGUNDO.- Aprobar o Proxecto técnico do investimento que se relaciona no punto anterior.

TERCEIRO.- Para o financiamento do importe da achega municipal con cargo aos seus propios recursos, este concello comprométese a incluír no orzamento municipal correspondente crédito dabondo.

CUARTO.- Declarar que este Concello conta cos terreos e adopta-lo compromiso de realizar as actuacións pertinentes en orde a obter as concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias

QUINTO.- Manifestar que o Concello de Fene non solicitou nin obtivo ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento anteriormente citado.

SEXTO.- Autorizar á Deputación da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social, nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa seguridade social.

SÉTIMO.- Remitir certificación do presente acordo á Deputación Provincial e dar traslado do mesmo á Intervención municipal.

OITAVO.- Someter o presente acordo á ratificación polo Pleno da Corporación na primeira sesión que celebre.”

PROPÓNSE AO PLENO DO CONCELLO A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

Ratificar a Resolución da Alcaldía núm. 89/2009, de data 30 de xaneiro de 2009, anteriormente transcrita.

Fene, 30 de xaneiro de 2009
A alcaldesa accidental

Asdo.- Rita María Couto Seijido”

A Comisión Informativa de Desenvolvemento Territorial acorda por unimidade dos/as Sres/as Concelleiros/as presentes, ditaminar favorablemente a proposta da Alcaldesa accidental de data 30 de xaneiro de 2009, que devén en ditame nos termos anteriormente transcritos.”

Non producíndose intervencións, polo Sr. Alcalde-Presidente sométese a votación ordinaria o ditame da Comisión Informativa de Desenvolvemento Territorial de data 3 de febreiro de 2009 sendo aprobado por unanimidade dos/as Sres/as Concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobado o ditame da Comisión Informativa de Desenvolvemento Territorial de data 3 de febreiro de 2009, que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

4º. DACIÓN DE CONTA DO ESCRITO DO VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG- PSOE SOBRE REPRESENTANTES NAS COMISSIONS INFORMATIVAS, CONSELLO DA EMISORA MUNICIPAL E MESA DE CONTRATACIÓN DO CONCELLO DE FENE.

Seguidamente, dáse conta do escrito presentado polo voceiro do grupo municipal do PsdeG-PSOE de data vinte nove de xaneiro de 2009 (entrada 20.01.09;num rexistro:1103) relativo a designación dos representantes nas comisións informativas, consello da emisora municipal e mesa de contratación do Concello de Fene.

5º. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA.

A continuación dáse conta das Resolucións da Alcaldía comprendidas entre a número 1 do 2 de xaneiro de 2009 e a número 90 do 30 de xaneiro de 2009.

6º. MOCIÓNS URGENTES.

Non se presenta ningunha.

7º. ROGOS E PREGUNTAS.

Seguidamente pide o uso da palabra o Sr.Galego Feal quen, unha vez concedido manifesta que lle gustaría saber si se realizou o nomeamento do concelleiro de facenda, e si se vai facer cando será; que quere reclamar sobre a execución orzamentaria, e concretamente da solicitude que se fixo acerca do préstamo da “EDAR”;que en canto as aceras de Conces manifestase coñecedor de que os veciños presentaron un escrito no que se posicionaban en contra e solicitaban a paralización das obras; que no pleno de xaneiro púxose de manifesto que as mesmas non cumprían os requisitos do Plan Urbanístico, e quere saber si se vai adoptar a

paralización das obras; que en canto ás aceras de Barallobre, se lle indicou que a empresa entrara en suspensión de pagos e que por iso se paralizaron as obras, así como que se buscou unha nova empresa adjudicataria, pero se retiraron todas as máquinas e se suspendeu a actuación no lugar. Continúa dicindo que respecto da Galescola, saben que se produciu unha reunión coa Concelleira de Servizos Sociais para tratar o tema do asfaltado do camiño e pregunta si se vai asfaltar de xeito inmediato. Pregunta cal é o estado da concesión dos terreos de Navantia para a galescola; di que quere saber si se lle vai a contestar o solicitado sobre o local de Viriato; que respecto das obras do túnel de Marqués de Figueroa, no último Pleno se lle dixo que dependía do Tren de Alta Velocidade, pero que o compromiso era firme e que estaba pechado; que os presentes son coñecedores da presentación dun escrito por parte de 700 veciños da zona afectada para que se axilicen as xestións da obra, e pregunta si é certo que é un tema pechado e solicita se tome en consideración a petición dos veciños e se axilicen as xestións. Di que considera que a ubicación das máquinas da terceira idade en Perlió non é a axeitada, e pregunta a quen se lle ocorreu a idea, se é un emprazamento provisional ou si se pensa manter esa ubicación como definitiva. Pregunta si se vai abrir o cemiterio os domingos pola tarde; di que quere saber se o expediente de investigación verbo do aparcamento na plaza da carretera da Fraga se iniciou ou está parado; pregunta de qué xeito se van a contratar ós oitenta e dous parados do Concello de Fene nas obras financiadas co Fondo Estatal de Investimento Local; que respecto do viaducto de Vilanova, logo de enterarse pola prensa de que o Concello ten unha cesión a perpetuidade dos terreos, pregúntase se é que non se informou convenientemente á oposición ou que se lle minto tanto a oposición como os veciños; di que solicita información verbo da creación da oficina de información para afectados polo temporal, pois logo da súa solicitude o luns explicouselle que non era preciso por figurar únicamente oito reclamacións, pero que o xoves aparece na prensa que si se vai a abrir. Pregunta polo burato que se abriu no Río Cádavo, en Perlió, a consecuencia da inundación que se produciu, e pregunta si se van a realizar obras de arranxo inmediatas, e si se contempla a canalización do mesmo en futuros plans. Pregunta se vai abri-las portas o pavillón de Barallobre.

Continúa o Sr. Galego Feal dicindo que solicita que na rúa Gerardo Díaz se limite a velocidade e a tonelaxe dos camións, que na Rotonda do Naranxo se poña sinalización vertical co fin de evita-los atascos, que se reforce o servizo de persoal do cemiterio municipal; e que o goberno, cando afronte obras de importancia e evergadura, fale previamente cos veciños e asociacións e permita a súa participación.

A continuación intervén o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta que quere facer uns apuntes verbo da intervención do Sr. Galego Feal; di que en canto o nomeamento do Concelleiro de Facenda e a remodelación de áreas está previsto a que principios de vindeira semana quede todo reorganizado; que en canto o orzamento do ano 2009 se está ultimando o borrador no seo do goberno municipal, e que cando estea listo será posto a disposición da oposición e das entidades, e asociacións veciñais; que en canto ó avance da execución do orzamento do ano 2008 e o préstamo do "EDAR" estará a disposición dos grupos políticos cando a intervención teña preparado o estado da execución; que o préstamo está adjudicado ao Banco de Crédito Local debido aos informes favorables da intervención e da tesourería; que verbo das beirarruas de Conces e do escrito presentado polos veciños, o escrito foi remitido a

Consellería de Política Territorial transmitíndolle-las queixas dos veciños verbo da necesidade de actuación sen que se reduzan as prazas de aparcamento.

Continúa o Sr. Alcalde dicindo que verbo da cesión de terreos de Navantia , ésta remitiu unha proposta de convenio de cesión que se estudiará durante esta semana e a partir de ahí terá que facerse a cesión, continuando en marcha o proxecto; que respecto do paso baixo a vía do tren en Perlio, produciuse unha confusión, debido a que nos últimos plenos falouse do Tren de Alta Velocidade, pero que debido a que é un proxecto a longo prazo non se esperará ao seu cumprimento; que o que ten concretado o Concello co Ministerio de Fomento e co Adif, aínda que á espera de obter financiamento, é a construción na zona da estación dun paso soterrado e na zona do cruceiro dun paso elevado. Di que verbo da apertura do cemiterio municipal os domingos, segue a ser un obxectivo do goberno municipal pendente da organización e estruturación das libranzas do persoal; que en canto a contratación do Fondo Estatal de Investimento Local, atendendo o Decreto terá que estimarse o número de persoas que se empregaran nesas obras; que o Decreto prohíbe que esa contratación se faga directamente polos Concellos, agás en Concellos con menos de cincocentos habitantes, polo que Fene non poderá contratar directamente, e terá que contratar a pequenas e medianas empresas, empresas que terán que xustifica-los postos de traballo e cantos deles foron ocupados por desempregados.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal e, unha vez concedido, di que as declaracións do Sr. Alcalde en prensa foron outras e que se están a crear falsas expectativas.

Continúa a intervención do Sr. Alcalde-Presidente e di que o que se dixo é que a estimación de contratación polo Servizo Galego de Colocación sería de oitenta e dúas persoas para o Concello de Fene, pero que en ningún caso se dixo que se foran a contratar oitenta e dúas persoas directamente; que en canto o Viaducto de Vilanova non se ocultou información nin se enganou a ninguén, pois o que se tratou no Pleno e así figurará na acta é que o Concello falou con Fomento para cesión dos terreos a perpetuidade, e Fomento comunicou o Concello a súa conformidade verbalmente; que dende aquel Pleno ata agora esta concesión xa está aprobada, polo que pide que non saque as súas palabras da prensa, senón das actas do Pleno; que no último Pleno o que se dixo foi que a concesión estaba solicitada e a día de hoxe xa está concedida, e que en ningún dos casos ocultaron información nin enganaron; que en canto a oficina pública de información os afectados polo temporal, á vista dos Decretos publicados pola Xunta de Galicia e da información que se achega da Consellería de Industria, se lles indicou que o cauce para a tramitación das reclamacións sería a través do Rexistro do Edificio de servizos múltiples da Xunta de Galicia da Praza de España en Ferrol; que entre a Concelleira de benestar e a propia Alcaldía se decidiu habilitar unha persoa para que na primeira planta estea a disposición dos veciños para facilitar a presentación das queixas e evitar o desprazamento a Ferrol, tramitándose polo Rexistro Xeral do Concello, a través da Red do Portelo Único. Remata a súa intervención dicindo que en cumprimento dun compromiso do seu goberno, o local da escola de Sillobre estase a liberar do uso que lle estaba dando a asociación micolóxica "Viriato" para que pasen a ocupar o local a ANPA e os alumnos do centro.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. López Rodríguez, quen unha vez concedido, manifesta que verbo das beirarruas de Barallobre, a empresa adxudicataria

deu suspensión de pagos, e decidiuse dende o Concello, condicionado pola perigosidade da zona, e a proximidade dos colexios, falar coa Diputación para que foran facendo remates, puxeran puntos de luz e fixeran os acabados de acceso as casas; di que en canto o Río Cádavo o temporal arrastrou bastante maleza formando un tapón que desbordou o río, sendo precisa unha pala para desatascalo; que respecto do pavillón do Ramo existe un problema de humidades no parque, e os custos dese arranxo tiña pensado incluílos no Fondo de Investimento Local, pero non puido ser, polo que está a negociar un convenio coa Diputación para amañalo.

De seguido, pide o uso da palabra a Sra. Couto Seijido quen, unha vez concedido, manifesta que non houbo unha reunión de pais, e que o que se celebrou foi un consello de participación; que por mor do seu turno de traballo non puido asistir pero que no seu lugar acudiu a técnica do Concello que é a pedadoga; que posteriormente tivo unha reunión cun pai e unha nai pertencentes a este consello de participación no que lle deron traslado das queixas anteriormente manifestadas á pedagoga, entre elas as referidas ó camiño, teléfonos inalámbricos, portal, etc...; que deu traslado ó Sr. Alcalde e o Concelleiro responsable da inquietude dos pais; que verbo do tema do camiño ten que respostar o Sr. Alcalde, aínda que cree que xa o fixo.

Seguidamente pide o uso da palabra a Sr. Carmen Silvar Canosa quen, unha vez concedido, di que as máquinas da terceira idade ás que fai referencia o Sr. Galego Feal non son tal; que son máquinas para adultos; que se tiña concedida unha subvención para doce máquinas, distribuídas en dous circuitos, seis máquinas en cada parque, un en Maniños e outro no entorno urbán de Perlio; que verbo deste último barallaron varias opcións de ubicación, todas elas por suxerencia dos técnicos municipais, que por diversos motivos foron descartadas; que na ubicación actual, as obras están paradas por mor dun problema cun veciño que alega que o lugar onde se van instalar dúas máquinas é da súa propiedade, problema que di non é novo, xa que ven de antigo.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Rodriguez Carballeira, quen, unha vez concedido, manifesta que no asunto da Plaza da Fraga xurdeu unha polémica entre veciños pola titularidade do espazo; que hai anos houbo unha intervención pública de reurbanización da rúa da Fraga; que pese a isto hai veciños que afirman que ese espazo é de titularidade privada; que hai aberto un expediente informativo; que os servizos técnicos e xurídicos do Concello están recabando a información para resolver esta polémica; que unha vez recabada a información se dilucidará si é público ou privado ese espazo.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Manuel Pico Sanmartín quen, unha vez concedido, manifesta que non ten coñecemento de que para o local da Policía Local houbera unha subvención concedida, agás unha do ano 2006 que foi rexeitada; que no tema da rúa Gerardo Díaz a velocidade está limitada a 30 Km/h e a trinta toneladas de peso; que non pode asegurar se alguén quitou a sinal; que en canto a rotonda xa se está mirando pola Policía.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Sanchez Martínez quen, unha vez concedido, di que quere expresar os seus agradecementos a Protección Civil, Policía Local e aos traballadores do Concello polo traballo realizado; di que verbo do tema da

creación de postos de traballo, o empresario que realiza a contratación non vai despedir os seus propios traballadores para contratar a outros. Pregunta en qué quedou o tema do constructor que se comprometera a realizar determinadas obras de urbanización de parte da praza onde estaba a construír un edificio. Pregunta polo estudo que se esta a facer do plan de reparación dos servizos de mantemento do Concello de Fene dos diferentes edificios públicos; pregunta cómo vai a evolución e se houbo desperfectos considerables. Di que felicita á Concelleira de Servizos polo ben que quedaron os semáforos e pregunta cando se vai a reparar un semáforo derrubado polo temporal. Pregunta qué aceptación tivo a instalación da banda ancha polos empresarios do polígono Industrial Vilar do Colo. Di que no seu día xa fixo referencia a que o parque de debaixo da autopista era un investimento moi elevado que debería ser destinado a outras cousas, como poden ser os servizos básicos. Di que se solicita que se teña en conta o arranxo das beirarruas de San Valentín polas roturas dalgunhas baldosas.

A continuación intervén o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta que quere facer uns apuntes; di que o tema do río Cádavo é un tema recorrente; que o río se desborda en dous puntos fundamentalmente, na ponte de Perlío onde están as vivendas de Astano, e na zona das vivendas sindicais, baixo a ponte; que o desbordamento prodúcese fundamentalmente polo atascamento das ramas logo do temporal; que iso hoxe está solventado; que o Concello o que pode facer para intentar solucionar este problema é manter as marxes do río o máis limpas posible; que hai un problema innegable que é que as edificacións realizáronse na parte baixa do río, nunha zona de inundación e de expansión natural do río durante as crecidas; que hoxe o río ten menos capacidade e arrastra máis cantidade de auga que o ano pasado; que ademais a parte baixa de Perlío está na mesma cota que a pleamar; que cando a marea está alta e o río baixa moi cheo, resulta un problema difícil de solucionar; que existe un proxecto para a descanalización do río no momento no que se urbanice todo o parque da parte baixa de Perlío, e na zona do muíño facer un novo cauce do río; que ata o día de hoxe non se puido abordar esta solución porque no plan de urbanismo esa zona ven recollida como un APE, área de Planeamento específico e, polo tanto, corresponde ós propietarios ou promotores a urbanización e acondicionamento da zona.

Continúa o Sr. Alcalde dicindo que verbo dos montes en man común de Marraxón hai un proxecto para habilitar a zona de Coto do Rei e facer un espazo de uso público, un mirador, etc... ; que houbo contactos coa Consellería de Medio Ambiente para buscar financiación; que o Concello está moi interesado neste proxecto, e que no Fondo Estatal de Inversión Local non se podía incluír porque non son terreos públicos.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Sanchez Martínez quen, unha vez concedido, pregunta se pasa o mesmo cos terreos da autopista.

Intervén o Sr. Alcalde-Presidente e di que non é o mesmo, xa que os terreos da Autopista son públicos, son do Estado, mentres que os outros son de propietarios particulares.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. López Rodríguez quen, unha vez concedido, manifesta que, verbo do parque, o convenio foi firmado con Manuel Pérez, o promotor, co que se acordou que tiña que aportar tres millóns das antigas pesetas e

maila terra para construí-lo parque; que ata onde se sabe os tres millóns foron depositados no seu día nunha conta do banco.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Pico Sanmartín quen, unha vez concedido, di que as valoracións dos desperfectos do temporal se están a realizar dende a Policía Local xunto coa Concellería de Servizos; que aínda non están rematadas as valoracións nin as obras de reposición; que no prazo dunha semana espera que estean rematadas.

A continuación pide o uso da palabra a Sra.Roca Requeijo quen, unha vez concedido, di que agradece as felicitacións polos semáforos e que espera que no día de mañá quede rematada a súa instalación; que na actualidade están a instalar a parte alta e que o IGAE lles deu dous meses para a súa instalación; que aínda lles queda un mes e van moi ben de tempo; que a aportación do IGAE está valorada en 80.000 euros e que o Concello unicamente ten que instalalos; que os dous semáforos tirados por mor do temporal xa están colocados; que en canto as losetas de San Valentín, toma nota para ir a arranxalos; que de tódolos xeitos a prioridade da Concellería de Servizos é asfaltar os camiños que están en mal estado, pero que por mor do mal tempo se está a retrasar.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Polo Gundín quen, unha vez concedido, manifesta que o día vinteún de xaneiro presentouse no polígono industrial Vilar do Colo una instalación de acceso a internet "WIIMAX" de banda longa por valor de 240.000 euros; que se instalou nese polígono cun plan da Consellería de Industria para que os polígonos industriais accedan as novas tecnoloxías; que foi unha solicitude realizada conxuntamente co Concello de Cabanas; que o día da presentación xa había uha empresa ,“Meigas Fora”, que era cliente de “R” , concretamente por un periodo de seis anos; que “R” ten unha previsión a curto prazo de trinta empresas como clientes e que comenará a facer visitas a outras empresas do entorno do polígono.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás dezanove horas e sete minutos do día ao comezo sinalado, estendéndose de todo elo a presente acta, do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Vº e praxe,
O Alcalde-presidente

A secretaria xeral,

Asdo. Iván Puentes Rivera.

Asdo.: Pilar María Pastor Novo.

UNIDADE: SECRETARÍA
EXPEDIENTE: 2009/PL001/000004